

Organizacións educativas e cultura dixital.

Contexto

Aínda que o proceso de desenvolvemento e difusión de tecnoloxías é insuperable, parece que xa se consolidaron unha serie de **recursos, ferramentas e servizos** que permiten mellorar os procesos educativos, non só os que ocorren na aula, senón todos aqueles que contribúen a que os **centros educativos** cumpran coa súa misión.

Chegou o momento de abordar a tecnoloxía dende unha **perspectiva máis global**, mirando o centro como unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvolvidos co pulo do equipo directivo dun centro ou, cando menos, cunha coalición rectora disposta a cambiar a situación actual.

Tecnoloxía e educación

Ata fai moi pouco tempo, existían aínda moitos e moitas **docentes e centros educativos** que prescindían ou, máis ben, **tiñan as Tecnoloxías da Información e a Comunicación** (en adiante, TIC) **como ferramentas prescindibles dentro da práctica educativa**. Ante a situación actual, e tralo exercicio da docencia a distancia durante o confinamento, todo isto sufriu un duro revés e fixo que aflorase un interese crecente no relativo ao uso da tecnoloxía nos procesos de ensino e aprendizaxe, aos que se sumaron os de comunicación, participación e avaliación.

A Educación é un **recurso clave** para asegurar a **igualdade social, a promoción das persoas** e, máis xenericamente, a **mellora das condicións de vida** de comunidades e persoas. Porén, a [Estratexia Europa 2020](#) recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de **competencias dixitais** que, á súa vez, permitan aproveitar as oportunidades.

E isto é polo que as **organizacións educativas** teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promocionar a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e a comunicación e dos contidos dixitais. Non obstante, ata este momento non contabamos cunha ferramenta que nos permitira analizar o nivel de dixitalización dunha organización escolar, e aínda menos comparar entre organizacións ou identificar boas prácticas.

O Marco DigCompOrg


Para resolver esta situación, o [Joint Research Centre de Sevilla](#) (páxina en inglés), centro dependente da Comisión Europea, desenvolveu o [Marco de Referencia para Organizaciones Educativas Digitalmente Competentes](#), (traducido ao español polo INTEF) coñecido co acrónimo **DigCompOrg** (en inglés), que ten como finalidade prestar apoio ás organizacións educativas para **promover a súa dixitalización** dunha forma sistemática e estratéxica.

Este marco de referencia presenta **sete elementos clave comúns** a organizacións de todos os sectores educativos, deixando aberta a posibilidade de que cada tipo de organización poida engadir novos elementos específicos do seu sector.

O proceso de planificación de cambios que propón o Marco Dig CompOrg opera en **tres dimensións**:

- A **dimensión pedagóxica**, que fai referencia a todos os aspectos relacionados coas prácticas de ensino e aprendizaxe, cos contidos do currículo e coas prácticas de avaliación.
- A **dimensión organizativa**, que inclúe as prácticas de liderado e gobernanza, o desenvolvemento profesional e a colaboración e *networking*.
- A **dimensión tecnolóxica**, vencellada aos temas de infraestruturas, tanto físicas como dixitais.

Dado que a **dimensión tecnolóxica é transversal** ás dúas primeiras, afianzando e acelerando así os procesos de innovación nos centros educativos, **organizáronse os sete elementos clave** que propón o Marco DigCompOrg **en dous grandes bloques-unidades**, vencellados ás dúas primeiras dimensións (a pedagóxica e a organizativa), e tomando a dimensión tecnolóxica e o elemento do marco ao que fai referencia como nexos entre as anteriores, debido a ese carácter transversal.



Baseándose no marco conceptual de DigCompOrg, JRC - Sevilla (The Joint Research Centre desenvolveu unha ferramenta para que as organizacións educativas poidan facer un autodiagnóstico do seu progreso cara a aprendizaxe dixital: [SELFIE](#). Está dispoñible de forma gratuíta para todas as organizacións educativas e será un dos principais recursos que utilizaremos ao longo desta actividade formativa.

Os centros educativos como organizacións que aprenden

A **finalidade dun centro educativo** é que o alumnado aprenda, pero, ao mesmo tempo, a propia organización aprende a través da súa práctica, da reflexión sobre a súa propia práctica e das relacións que establece coa súa contorna.

Un centro educativo é, porén, unha organización que aprende e pon ao servizo, tanto da aprendizaxe do alumnado como da súa propia aprendizaxe, a tecnoloxía. O [Marco #DigCompOrg](#) axuda a poñer o foco nos **distintos procesos** que dan lugar a esas aprendizaxes e **axuda a deseñar o Plan Dixital de Centro** como principal instrumento para recoller as estratexias que un centro educativo debe pór en marcha para a súa dixitalización.

Ademais das características propias das organizacións, debemos ter en conta as relacións que se xeran entre os seus membros. Se as organizacións competentes son aquelas que realmente teñen a aprendizaxe como un dos seus resgos definitorios, o cambio que propón o [Marco DigCompOrg](#) convídanos a situarnos ante as organizacións escolares como organizacións que aprenden a poñer o foco na aprendizaxe organizativa.